

XEOGRAFÍA 3º ESO / SÍNTESE DA PROGRAMACIÓN

CONTIDOS

BLOQUES CURRICULARES	
1. Contidos comúns	Referidos a destrezas e procedementos. Están presentes en todas as unidades
2.- Actividade económica e espazo xeográfico.	Comprende cinco apartados Centrado na xeografía económica
3.- Organización política e espazo xeográfico.	Comprende cinco apartados Referido a xeografía política abordando a situación mundial na era da globalización
4.- Transformacións e desequilibrios no mundo actual.	Comprende cinco apartados Referido a xeografía de poboación

NORMAS PARA O CADERNO

- Será tipo **caderno** ou **dossier** e non se admitirán follas arrancadas de libreta.
- As follas serán iguais en tamaño.
- Deben deixarse os **marxes** precisos.
- **Portada** na primeira folla que incluíra o nome da materia e nome e curso do alumno/a.
- As follas deben estar **paxinadas**, o que se fará a medida que se precise (non antes). De ter que intercalar follas, estas levarán o número de páxina anterior e a palabra *bis*
- Cada tema comezará en folla diferente e estará encabezada polo **título** do tema.
- Os temas inclúen **apartados** diferenciados: exercicios, apuntamentos ou glosario.
- No caso dos exercicios indicárase o título e o nº de páxina, debe deixarse un **pequeno espazo libre** para posibles correccións entre un exercicio e outro.
- Non pode escribirse en vermello.
- Non se permite empregar lapis ou *tippex*.
- A lingua utilizada será a **galega**

AVALIACIÓN

BAREMACIÓN

A materia será avaliada positivamente cando se teñan **aprobadas todas e cada unha das avaliacións**. A cualificación da avaliación obterase como segue:

- Probas orais ou escritas **70%** (non se aplicará con notas inferiores a 3)
- Actividades de aula e caderno de clase, actitude (interese, participación,...) **30%** (non presentar o caderno impide superar a avaliación)

A **ortografía** terase en conta en todos materiais escritos, os erros (especialmente graves como uso de maiúsculas ou confusión b/v) restarán puntuación, ata 0,5 puntos por actividade.

Especificacións:

- Se o suspenso de avaliación débese á non presentación do caderno, o alumno/a será considerado con avaliación positiva no momento no que a presente
- As probas con calificación inferior a 3, serán obxecto de **recuperación** no mesmo período de avaliación.
- A nota final será a **media ponderada**.
- **Se un alumno/a copia** durante un exame, **suspenderá** a avaliación. Se copia durante a proba de Setembro, suspenderá o curso.
- Na **convocatoria de setembro** a cualificación será a do exame, se ben poderán terse en conta circunstancias particulares. Teñen a obriga de presentar o caderno aqueles alumnos que non o fixeran durante o curso.
- **Faltas** de orde graves, impuntualidade, carencia reiterada do material preciso, poderán restar puntuación da nota da avaliación, ata un máximo de 1 punto, segundo as anotacións do profesor.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS

CRITERIOS	CCBB
1. Identificar os principais axentes e institucións económicas así como as funcións que desempeñan no marco dunha economía cada vez máis interdependente, e aplicar este coñecemento á análise e valoración crítica dalgunhas realidades actuais.	CSC TICD CAA CAIP
2. Caracterizar os principais sistemas de explotación agraria e pesqueira existentes no mundo, e as paisaxes a que dan lugar, localizando algúns exemplos representativos destes, e utilizar esa caracterización para analizar algúns problemas do campo e da pesca españois e galegos, identificando as súas orixes históricas.	CSC CIMF TICD CAA
3. Comprender e describir as transformacións que nos campos das tecnoloxías, da organización empresarial e da localización se están producindo nas actividades, espazos e paisaxes industriais, localizando e caracterizando os principais centros de produción no mundo, España e Galicia, e analizando as relacións de intercambio desigual.	CIMF CSC CCL
4. Identificar o desenvolvemento e a transformación recente das actividades terciarias, para entender os cambios que se están producindo tanto nas relacións económicas como sociais, e analizar as súas diversas repercusións espaciais, en particular no ámbito galego	CIMF CSC CAA
5. Describir algún caso, con preferencia do ámbito galego, que mostre as consecuencias ambientais das actividades económicas e os comportamentos individuais e colectivos, recoñecendo as formas de desenvolvemento sustentable e ofrecendo algún exemplo de medidas correctoras, así como de acordos e políticas para frear a deterioración do ambiente.	CIMF CSC CAIP
6. Identificar e localizar os principais países e áreas xeoeconómicas e culturais do mundo, os estados europeos, e as comunidades autónomas de España, coñecendo a estrutura da Unión Europea e a organización político-administrativa e territorial galega e española.	CIMF CSC
7. Comprender os trazos xeográficos comúns e diversos que caracterizan o territorio español e galego, e explicar as causas da súa diferente organización e os contrastes internos a partir do papel dos principais centros e eixos de actividade económica e de comunicación, en canto vertebradores do espazo.	CIMF CSC CCL
8. Analizar indicadores socio-económicos de diferentes países para comprender os conceptos de desenvolvemento humano e de estado de benestar, e recoñecer desequilibrios na súa distribución e a dos recursos, explicando algunhas das súas causas e consecuencias, e amosando sensibilidade ante as desigualdades.	CIMF CSC CMAT TICD
9. Analizar algún exemplo representativo das tendencias migratorias na actualidade, identificando as súas causas e relacionándoas co proceso de globalización, así como as consecuencias para os países receptores e emisores, e manifestando actitudes de solidariedade no axuizamento deste fenómeno.	CIMF TICD CAA CSC CAIP
10. Utiliza fontes diversas para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais.	TICD CCL
11. Participar en debates sobre cuestións de actualidade próximas á vida do alumnado, argumentando as propias opinións e manifestando actitudes de solidariedade.	CCL CAIP CSC CAA

Xefa de Departamento de CCSS, Xª e Hª

Marta Coria Blanco

Curso 2014-2015